

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

1 de agosto de 2024

Duración:

Desde as 20:36 ata as 23:02

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria accidental:

María Josefa Martínez Barros

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	NON
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	NON
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA (Abandona a sesión ás 22:44 horas)	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	RICARDO CASTRO CAMBA	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	NON

Unha vez verificada pola secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE XULLO DE 2024

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 4826/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 44/2024 (EXPEDIENTE 1/A/2024).

Favorable | **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Incoado o expediente de crédito extraordinario número 1/A/2024 financiado mediante baixas de crédito, ante a urxente e inaprazable necesidade de dotar crédito para desenvolver diversas actividades promovidas polo concello nos ámbitos deportivo, cultural e de lecer, entre outras, co obxecto de garantir unha axeitada dinámica social e económica e non perxudicar aos provedores retrasando o pagamento dos servizos correspondentes.

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Emitido informe pola intervención municipal con data 12/07/2024.

Visto o disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; e no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de abril.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1375, asinada con data 15/07/2024 polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, acadado na sesión celebrada o 18/07/2024.

Á vista do debatido nesta sesión, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Apróbase o expediente de suplemento de crédito número 1/A/2024 modificación orzamentaria número 44/2024 financiado mediante baixas de crédito, por importe de 335.000,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do orzamento de gastos que se dotan de suplementos de crédito:

311.227.06.Descripción:"Estudos e trab. técnicos. Protec. Salubridad Pública". Importe: 7.000,00 €

330.226.99. Descripción: "Gastos diversos. Cultura". Importe: 106.500,00 €

338.226.99. Descripción: "Gastos diversos. Festexos populares". Importe: 111.000,00 €

340.226.99. Descripción: "Gastos diversos. Deportes". Importe: 106.500,00 €

430.226.02. Descripción: "Publicidade Promoción Comercial". Importe: 4.000,00 €

2.- Financiación: baixas de crédito nas seguintes aplicacións:

132.120.01.Descripción:" Seguridade e orde público. Soldos do grupo A2". Importe: 15.000,00 €

132.120.03.Descripción:" Seguridade e orde público. Soldos do grupo C1". Importe: 40.000,00 €

132.121.00.Descripción:" Retr complementarias (destino) persoal funcionario.p local". Importe: 40.000,00 €

132.121.01.Descripción:" Retr complementarias(especifico) pers funcionario p.local". Importe: 60.000,00 €

151.1.120.01.Descripción:" Unidade técnica área urbanismo. Soldos do grupo A2". Importe: 15.000,00 €

151.1.121.00.Descripción:" Unidade técnica área urbanismo. Complemento de destino."





Importe: 10.000,00 €

151.1.121.01.Descrición:“ Unidade técnica área urbanismo. Complemento específico.”.

Importe: 14.000,00 €

151.1.130.00.Descrición:“ Retribucións persoal laboral fixo unidade técnica urbanismo”.

Importe: 8.000,00 €

151.3.120.01.Descrición:“ Medio rural área urbanismo. Soldos grupo A2”. Importe:

5.000,00 €

151.3.120.05.Descrición:“ Medio rural área urbanismo. Soldos do grupo E”. Importe:

5.000,00 €

151.3.121.00.Descrición:“ Medio rural área urbanismo. Complemento de destino.”.

Importe: 5.000,00 €

151.3.121.01.Descrición:“ Medio rural área urbanismo. Complemento específico.”.

Importe: 5.000,00 €

151.4.120.04.Descrición:“ Obras e servizos básicos. Soldos do grupo C2”. Importe:

14.000,00 €

151.4.121.00.Descrición:“ Obras e serv básicos área urbanismo. Complem. destino.”.

Importe: 10.000,00 €

151.4.121.01.Descrición:“ Obras e servizos básicos área urbanismo. Complem. específ”.

Importe: 10.000,00 €

151.5.130.00.Descrición:“ Mant inst.municipais a. Urbanismo persoal laboral”. Importe:

15.000,00 €

165.120.05.Descrición:“ Alumeado público. Soldos grupo E”. Importe: 5.000,00 €

165.121.01.Descrición:“ Retribucións complementarias. Específico persoal funcionario”.

Importe: 5.000,00 €

151.5.120.05.Descrición:“ Mantemento instalacións municipais. Soldos do grupo E”.

Importe: 5.000,00 €

151.5.121.00.Descrición:“ Mantemento instalacións municipais a. Urbanismo. C.

Destino.Importe: 2.000,00 €

151.5.121.01.Descrición:“ Mantemento instalacións municipais a. Urb.. C. Específico”.

Importe: 2.000,00€

920.0.120.00.Descrición:“ Administración xeral. Soldos do grupo A1”. Importe: 15.000,00

€

920.0.121.00.Descrición:“ Retribucións complementarias (destino). Administración xeral”.

Importe: 10.000,00€

920.0.121.01.Descrición:“ Retribucións complementarias (específico).administrac. Xeral”.





Importe: 10.000,00 €

923.1.120.05.Descripción:“ Estatística. Soldos do grupo e”. Importe: 5.000,00 €

923.1.121.00.Descripción:“ Retribucións complementarias (destino).estatística”. Importe: 2.000,00€

923.1.121.01.Descripción:“ Retribucións complementarias (específico). Estatística”. Importe: 3.000,00 €

Segundo.- Que o expediente de modificación de crédito 1/A/2024, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Expediente 3906/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PRÉSTAMO DE LEXISLATURA, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CONFORME AO ARTIGO 177.5 DO RDL 2/2024, DE 5 DE MARZO.

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 13/06/2024.

Visto que foi incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- 1.- Informe de Intervención sobre o Principio de Prudencia Financeira
- 2.- Informe de Intervención en relación co cumprimento dos requisitos tanto xerais como específicos para a concertación do préstamo de referencia.
- 3.- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- 4.- Informe de Secretaría.

Tratándose de operacións correntes declaradas necesarias, urxentes e indemorables nun





expediente de crédito extraordinario conforme o disposto no artigo 177.5 TRLRFL.

A competencia para a concertación das operacións de crédito, e por tanto, para a aprobación do prego de cláusulas que rexerán o contrato de préstamo, corresponde ó Pleno da Corporación, tal e como se establece nos artigos 177.5 TRLRFL e art. 22.2m) e 47.2) de Lei 7/1985/, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto que, pese a que de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o contrato que nos ocupa é un dos excluídos do ámbito de aplicación da indicada Lei, tódolos contratos deben respectar os principios de publicidade e concorrencia.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1377, emitida con data 15/07/2024 polo concelleiro delegado de Facenda

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, acadado na sesión celebrada o 18/07/2024.

Á vista do debatido nesta sesión, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de préstamo a longo prazo para o financiamento de operacións correntes, por procedemento aberto de contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación para a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo, por importe máximo de 600.000,00 euros, destinado ao financiamento de operacións correntes.

Terceiro.- Aprobar o Prego de condicións administrativas particulares que rexerán a devandita operación de préstamo, asinado con data do 12 de xullo de 2024.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público) para que, durante o prazo de 15 días naturais desde a citada publicación, as Entidades Financeiras interesadas poidan presentar as ofertas axustándose ás determinacións fixadas polo informe de prudencia financeira emitido pola Intervención municipal con data do 12 de xullo de 2024, no que se toma como referencia para o cálculo do Custe Total Máximo os datos referidos ao Anexo I da Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, do 4 de xullo de 2017, segundo





Resolución do 7 de xuño de 2024 (publicado no Boletín Oficial do Estado nº 141 do 11 de xuño), que actualiza o dito Anexo.

Quinto.- Determinar a composición da Comisión Técnica que actuará como mesa de contratación que deberá constituírse para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación, así como publicar a dita composición cunha antelación mínima de sete días respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da LCSP:

Presidente:

- D. Alberto Blanco Carracedo, concelleiro delegado de Facenda

Vogais:

- Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas, secretaria do Concello.

- Dna. María Carmen Morillo Rodríguez, interventora do Concello.

- Dna. Carmen Gómez Otero, tesoureira municipal.

- Dna. M. Rita Rivas de la Iglesia, técnica de de Xestión Orzamentaria

- D. Luis López Bueno, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE.

Secretaria:

- Dna. Vanessa Rodriguez Varela, administrativa deste Concello.

Suplentes:

As persoas que compoñen a mesa de contratación poderán ser substituídas por causa xustificada. A estes efectos o presidente poderá ser substituído por outro concelleiro ou concelleira; a secretaria, a interventora e a tesoureira serán substituídas polo funcionario ou funcionaria que legalmente as substitúan; a técnica de xestión orzamentaria por outro técnico municipal; o concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE será substituído por outro concelleiro ou concelleira do mesmo grupo; e a secretaria da mesa será substituída por un funcionario ou funcionaria municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante (Plataforma de contratos do sector público) de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP, así como o resto de documentación que dita plataforma esixe.

Expediente 4830/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 45/2024 (EXPEDENTE Nº 2/A/2024)	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0





Feitos e fundamentos de dereito:

Incoado o expediente de crédito extraordinario número 2/A/2024 financiado mediante unha operación de crédito conforme o artigo 177.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), previa Providencia da Alcaldía de data 12/07/2024.

Visto o carácter urxente e inaprazable do gasto a realizar e a súa imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores, que se xustifica na necesidade de financiar gastos por operacións correntes necesarias, urxentes e indemorables, á vista do rexistro das operacións na conta 413 «Acredores por operacións devindicadas».

Logo de ver que non existe crédito adecuado e suficiente, nas aplicacións do orzamento en vigor, no nivel de vinculación xurídica, para facer fronte aos ditos pagamentos.

Visto o informe emitido con data 12/07/2024 pola intervención municipal.

De conformidade co disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; no artigo 37 do RD 500/1990, de 20 de Abril, proponse ao Pleno da Corporación

Vista a proposta de resolución PR/2024/1376, emitida polo concelleiro delegado de Facenda con data 15/07/2024.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, acadado na sesión celebrada o 18/07/2024.

Á vista do debatido nesta sesión, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Apróbase o expediente de crédito extraordinario número 2/A/2024 modificación orzamentaria número 45/2024 financiado cunha operación de préstamo conforme o artigo 177.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), de acordo co seguinte detalle:

- Orzamento de gastos:

Aplicación do orzamento de gastos que se dota de crédito extraordinario: 165.221.14

Descrición do crédito extraordinario: *“Subministro enerxía eléctrica de exercicios anteriores. Acordo de pagos”*

Importe: 600.000,00 €

- Orzamento de ingresos:





Concepto de ingresos: 913.02

Recurso financeiro: Préstamo 2024 artigo 177.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004

Importe: 600.000,00 €

Segundo.- Este expediente de modificación de crédito, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Expediente 3236/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A CREACIÓN DUNHA INSTALACIÓN DEPORTIVA CUBERTA PARA A PRÁCTICA DE PETANCA NO CASCO URBANO	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentada con data 16/05/2024 (registro de entrada 2024-E-RCIC-1), que se transcribe literalmente de seguido:

“O Grupo Municipal Socialista vén constatando nos últimos meses a demanda de novas actividades deportivas na Estrada, por parte de veciños e veciñas anónimos que piden poder practicar actividade deportiva dentro do casco urbano.

A Estrada debe ser unha vila que defenda un modelo de “deporte para todos e para todas”, apoiando ao deporte federado pero tamén ao deporte popular. É un modelo de promoción do deporte no que se aposta por actividades para todos os públicos, fáciles de practicar e que teñan demanda.

Unha das actividades que está a ter moito éxito alí onde se crean instalacións é a Petanca. É un deporte que require de pouco investimento, que se pode practicar todo o ano, que ten federados e federadas en concellos da nosa contorna e que pode practicar todo o mundo.

A Petanca é un deporte para novos e maiores. Lonxe do que moitos cren, a idade media





dos federados e federadas en Galicia ronda os 40 anos. É un deporte que permite unha vellez activa, pero que tamén se adapta aos máis novos. Ademais é económico para os deportistas xa que non require de moito equipo e tamén resulta asumible para as administracións porque as instalacións que esixe non son grandes infraestruturas.

Tamén ofrece un ámbito competitivo para as persoas con diversidade funcional, que compiten na mesma categoría que o resto de deportistas, aínda que se adaptan as distancias para buscar a igualdade nas condicións de competición.

O Grupo Municipal Socialista comprobou que existe unha base de veciños e veciñas relativamente ampla que demandan unhas instalacións para a práctica deste deporte, tanto de xeito lúdico como de xeito competitivo. Xa existe o xerme dun club deportivo federado, que precisará destas instalacións para desenvolverse.

Proposta de resolución

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Crear unha instalación deportiva cuberta para a práctica da Petanca no casco urbano.
- 2.- Avaliar a viabilidade de instalación das pistas no entorno da zona coñecida como “Carballeira de Melania” ou na terraza inferior do Campo da Feira.”

Visto o Ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes en sesión celebrada o 18/07/2024.

Unha vez deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Crear unha instalación deportiva cuberta para a práctica da Petanca no casco urbano.

Segundo.- Avaliar a viabilidade de instalación das pistas no entorno da zona coñecida como “Carballeira de Melania” ou na terraza inferior do Campo da Feira.

Expediente 2143/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN COA CONSTRUCCIÓN DUNHA MACROFACTORIA DE PASTA DE CELULOSA DE ALTRI NO CONCELLO DE PALAS DE REI	
Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 12, Abstencións: 0, Ausentes: 0





Vista a moción presentada con data 27/03/2024 (registro de entrada 2024-E-RCIR-2) polo grupo municipal do BNG en relación coa construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei, a cal se transcribe literalmente de seguido:

"1. A Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri promoven a construción dunha macrofactoría de produción de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei. Este proxecto tramitouse con absoluta falta de transparencia e con enganoso, xa que durante máis de dous anos publicitouse unha factoría circular de fibras téxtiles e finalmente sóubose que o obxectivo principal será a produción de pasta de celulosa soluble, destinada preferentemente á exportación.

2. Estamos diante dunha actividade industrial nin nada sostible nin moito menos circular, que terá un fortísimos impactos no territorio, no ambiente, no patrimonio cultural, nas actividades socioeconómicas, no río Ulla, na ría de Arousa e no modelo forestal:

-Terá un impacto territorial e paisaxístico enorme polas dimensións xigantescas da factoría, que ten unha poligonal de 366 hectáreas, que prevé explanar, pavimentar e ocupar case un millón e medio de metros cadrados con diversas instalacións industriais contaminantes e unha cheminea de 75 m de altura, e que afectará directa e negativamente a numerosos concellos da contorna, ademais de Palas: Agolada, Santiso, Melide... co impacto das conducións de auga, accesos e liñas eléctricas

-Terá un impacto ambiental crítico nunha zona que foi proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 e que alberga hábitats e especies de grande valor ambiental e que están en risco de extinción. As emisións de gases contaminantes tamén terá unha incidencia prexudicial na saúde, no uso residencial e na calidade e aproveitamento dos solos nunha ampla zona circundante.

-Prevé un consumo de grandes cantidades de auga procedentes do río Ulla e o vertido dun voluminoso caudal de augas sometidas a depuración industrial máis contaminantes, que incidirán negativamente na calidade das augas, na biodiversidade e na produtividade tanto do río Ulla como da ría de Arousa.

-Vai ter un impacto negativo nas actividades económicas e no emprego na contorna, o que non compensa en absoluto os supostos beneficios da nova actividade industrial. E tamén terá unha incidencia negativa na actividade produtiva e polo tanto a economía da ría de Arousa.

-Condicionará de maneira decisiva a política forestal, incrementando a eucaliptización e afectando aos equilibrios, á biodiversidade e ás cadeas de valor da industria forestal galega.

3. A afección deste proxecto vai máis alá dos concellos da contorna, do río Ulla e da ría de Arousa. É un proxecto que atenta contra os intereses xerais de Galiza. Estamos diante dun exemplo de libro de industria de enclave e de espolio colonial dos recursos naturais do noso país, na repetición do modelo de implantación da celulosa de ENCE na ría de





Pontevedra: dispoñibilidade de solo barato, dispoñibilidade de eucalipto a grande escala e a prezos baixos, primeira transformación con escaso valor engadido, e destino principal á exportación sen peche de ciclos.

En realidade, a orixe e implantación deste proxecto ten que ver coa moratoria ao eucalipto en Portugal e ao interese da empresa promotora por dispoñer de grandes cantidades de madeira de eucalipto e entrar no lucrativo mercado da produción e comercialización de pasta de celulosa destinada á produción de fibras téxtiles.

4. Tanto a Xunta como a empresa actuaron de maneira escurantista e con enganos, publicitando unha planta circular e de produción de fibras téxtiles cando en realidade estamos diante dun macrocomplexo industrial equivalente a unha planta clásica de produción de celulosa.

Se ben no concello da Estrada non hai unha afectación directa polas infraestruturas deste proxecto, a actividade desta empresa está directamente ligada ao río Ulla, pois prevé un consumo de auga directamente desde o río de 46.000 metros cúbicos ao día, o que supón máis do 10% do volume de auga do encoro de Portodemouros). Ademais de un vertido de augas industriais de 30.000 metros cúbicos ao día de volta ao río Ulla. Isto terá graves repercusións na pesca, en concreto do salmóns, xa moi mermada, e tamén sobre o turismo relacionado co río Ulla e as praias fluviais.

Ademais, é máis que probable que os olores afecten ao noso concello, cando menos cando o vento sopra nesta dirección, xa que no proxecto se contempla unha área de afección similará distancia que nos separa da zona afectada.”

Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO:

1. Manifestar o rexeitamento ao macrocomplexo industrial contaminante de Altri porque supón a consolidación dun modelo de dependencia e espolio, o incremento do proceso eucaliptizador, e porque terá múltiples afeccións negativas ao conxunto do país, ás comarcas veciñas da megafactoría, ao río Ulla e á ría de Arousa.

2. Dirixirse á Xunta de Galiza para que informe negativamente o proxecto e impulse en colaboración coas diferentes administracións e o tecido socioeconómico as seguintes iniciativas:

a) Aprobación dunha alternativa para a dinamización socioeconómica da Ulloa, a Terra de Melide e o Alto Ulla, co obxectivo de fomentar actividades sustentábeis que xeren emprego e que fixen e atraian poboación.

b) Desenvolvemento dun plan para a mellora integral da calidade da auga e da biodiversidade da bacía do río Ulla e para a rexeneración e a reactivación produtiva da ría de Arousa.

c) O impulso da multifuncionalidade do monte, do desenvolvemento autocentrado, sustentable e equilibrado das cadeas de valor da industria forestal e a xeración de





emprego de calidade neste sector estratéxico da economía galega.

3. Instar ao goberno municipal a elaborar e presentar alegacións en tempo e forma contra o proxecto de Altri en Palas de Rei, polas afeccións que este causaría ao río Ulla e ao noso concello.

4. Instar ao goberno municipal a promover alegacións veciñais e pór a disposición da do conxunto da veciñanza modelos de alegación contra este proxecto.”

Visto o Ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión celebrada o 18/07/2024.

Unha vez deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular e a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (BNG).

Antes de pasar á parta de Actividade de Control o señor alcalde pregunta se algún dos grupos municipais quere presentar unha moción de urxencia. Non habendo, se continúa co disposto na Orde do Día:

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE XULLO DE 2024 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de xullo de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-1034 ao número 2024-1091 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais, quedando as súas intervencións recollidas no arquivo audiovisual resultante das





gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e tres horas e dous minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión con enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2024/08/05/pleno-concello-de-a-estrada-1-de-agosto-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

BA8F93411657A115256558CDA11D0C9838523F3ED677826EA53E41133B45580A

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: NDP6SLYCWP9QGEX3NQQLYPX3G
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14

